



MISA CON NENOS 25 de marzo de 2018 Domingo de Ramos-B



Evanxeo de Marcos 11, 1-10: ***“Bendito o que vén no nome do Señor”.***

Mensaxe: 40 días CAMIÑANDO: Semana Santa.
Anunciamos a túa MORTE.

1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás:

Logo de prepararnos durante a Coresma, iniciamos hoxe a Semana Santa: os días en que celebramos a Paixón, Morte e Resurrección de Xesús. Durante estes días centrais da nosa fe miremos a Cristo, o seu amor entregado, sepultado e resucitado, que a todos nos regala vida abundante. Neste domingo de Ramos recordamos o momento en que Xesús entrou en Xerusalén montado nun burriño, mentres todos o aclamaban con entusiasmo. Tamén nós o aclamamos, porque cremos nel, porque el nos abre as portas dunha nova vida. *(Portamos os ramos que expresan que proclamamos a Cristo como o noso Rei, o noso Salvador).*
-No nome... O Señor Xesús, que se entrega ata a morte para darnos vida, sexa con todos vós.

2. MONICIÓN Á PROCESIÓN

Xesús, ao comezar esta semana, foi aclamado pola xente sinxela na súa entrada a Xerusalén como o Mesías anunciado e esperado, como o que vén en Nome do Señor. Que cada un de nós, ao participar na procesión de ramos, fagamos nosa a opción de seguir a Xesús. Prometamos acompañalo non só hoxe senón toda a Semana Santa en actitude de oración, de celebración e de conversión.

(Imos iniciar a celebración: diante vai a cruz, daquela os que participades na Eucaristía e para rematar os sacerdotes).



3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

O libro de Xeremías recórdanos que o Señor vai realizar unha nova alianza co seu pobo gravando as súas palabras nos corazóns. A carta aos Hebreos tráenos á memoria que Xesús, sufrindo na cruz, logrounos a salvación. O evanxeo anuncia explicitamente a súa morte na cruz ensinándonos o camiño do cristián, un camiño de servizo, de entrega, de salvación a través da cruz.

4. MONICIÓN AO EVANXEO DA PAIXÓN

Dispoñámonos agora a escoitar no centro da nosa celebración o relato da paixón do Señor. Meditemos o camiño de Xesús cara á morte, por amor e fidelidade a Deus e a nós, e agradezámoslle a súa entrega. Porque a súa cruz é a nosa Vida.

5. PETICIÓNS

Deus Pai, que nos dá a Vida, escoita agora a nosa oración; cheos de esperanza, dicímoslle:

R. - Pola paixón do teu Fillo, sálvanos.

1.-Pola Igrexa, para que nos axude a vivir en profundidade estes días de encontro con Cristo. **Oremos.**

2.-Polos que sofren cada día a paixón, a soidade, a indiferenza; que sintan o consolo e a proximidade de Deus. **Oremos.**

3.- Polos que se atopan ante situacións de dor ou morte, para que meditando a Paixón do Señor atopen sentido ao seu sufrimento. **Oremos.**

4.-Polos que neste domingo de Ramos aclamamos a Xesús como rei, para que o acompañemos tamén na súa morte e Resurrección. **Oremos.**

5.-Por todos nós; para que vivamos esta Semana Santa orando, admirando a entrega de Xesús e agradecéndolle que nos salve. **Oremos.**



6.- Para que non deixemos de asistir ás celebracións de Semana Santa, que son as máis importantes do ano. **Oremos.**

Por Xesucristo, o noso Señor. Amén.

6. OFRENDAS

- UNHA CRUZ ESPIDA:** Lemos a Paixón de Cristo. Grazas, Xesús, por tanta xenerosidade, por tanto amor. E perdoa a nosa traizón, a nosa apatía, o noso pecado.
- **CRAVOS, MARTELO, COROA DE ESPÍNAS:** Con estes cravos, martelo, coroa de espinas, queremos simbolizar o que nesta Semana Santa imos celebrar: a paixón, a morte pero, sobre todo, a Resurrección de Cristo.
- PAN E O VIÑO.** Co pan e o viño damos grazas a Deus porque se quixo quedar connosco en Xoves Santo para ser o noso alimento, a nosa forza e a nosa luz. Que, ese día, non esquezamos de rezar polos sacerdotes, polos pobres e para que nunca nos falte a Eucaristía.

7. VÍDEOS OU PPW PARA ESTE DOMINGO: domingo de Ramos-B.

- Ramos, paixón: https://www.youtube.com/watch?v=mYrZ_mMFE5s
- Entrada en Xerusalén, debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=4bFkYP6ZbnI>
- Que queda?, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=uxea9TcwqM8>
- Semana Santa:**
- Semana Santa película Xesús de Nazaré: <https://www.youtube.com/watch?v=O3CN7mQWo4Q>
- Vida de Cristo, película: <https://www.youtube.com/watch?v=dtIDCYCODoc>
- Semana Santa: <https://www.youtube.com/watch?v=8dtW2haYqF8>
- Semana Santa: os acontecementos de Xesús, debuxos 22': <https://www.youtube.com/watch?v=1rNWs28sd9c>
- A historia da Semana Santa, o novo comezo-debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=18F3JdkDbL0>
- O Viacrucis para nenos 1: <https://www.youtube.com/watch?v=44JYld-2Slw>
- O Viacrucis para nenos 2: <https://www.youtube.com/watch?v=g7gXsehCo54>
- Pascua de Resurrección: <https://www.youtube.com/watch?v=thVKPzu3MUs>

8. SUXESTIÓNS:

- Habería que preparar a lectura da paixón. Temos dúas opcións, a versión longa ou a curta. Tamén podemos seguir o esquema do leccionario cronista, sinagoga e Xesús (3 persoas) ou repartir o que é o papel da sinagoga en distintos personaxes: Pilato, xente, soldados, sumos sacerdotes e centurión (para a versión breve).
- Na homilía poderíase explicar o debuxo de Fano arriba de todo á esquerda: Desde a Cruz regálanos Xesús os sacramentos. Da auga e do sangue do seu corazón traspasado chéganos a graza do perdón, da eucaristía, do bautismo ou da unción de enfermos. Acompañemos a Xesús estes días e entremos na dinámica da Paixón, paixón de “apaixonar”, de dar a vida ata o extremo.
- Sería bonito facer unha representación vivente da Paixón de Xesús.
- Mentres se le a paixón poderíase proxectar unhas imaxes que van marcando os momentos máis importantes do proceso.
- Convén ter preparada a procesión de ramos para que sexa un acto litúrxico, en silencio ou cantando, acompañando a Xesús.
- Prepárase a celebracións do xoves santo (o lavatorio dos pés, o monumento coa celebración dalgunha vixilia de oración), do venres santo (lectura da paixón, a participación na procesión) e do sábado santo (viacrucis, as diferentes partes da vixilia pascual, unha pequena festa con todos ao final da vixilia)...



CRISTO SEN MANS?

Ao remate da 2ª Guerra Mundial, nunha igrexa destruída, atopáronse os restos dun crucifixo.

Só se tiñan conservado íntegros a cabeza e o corpo do crucificado.

Alguén cravara un papel no tronco da figura que dicía:

Cristo non ten xa mans; só ten as nosas mans para facer hoxe o seu traballo.

Cristo non ten xa pés, só ten os nosos pés para guiar a homes e mulleres no seu camiño.

Cristo non ten beizos, só ten os noso beizos para falar del aos demais.

Cristo non ten axuda, só ten a nosa axuda para agrupar a xente ao seu redor.

Somos a única Biblia que o gran público aínda le hoxe.

Somos a mensaxe de Deus nos nosos actos e palabras.

